



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DE CATALUÑA (AEGA-CAT) PARA O FOMENTO DA COOPERACIÓN ENTRE EMPRESARIOS DE ORIXE GALEGO DE CATALUÑA E EMPRESARIOS GALEGOS DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A subdirectora da Área de Internacionalización do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar coa ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DE CATALUÑA (AEGA-CAT) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto promover a cooperación entre empresarios e profesionais de Galicia e empresarios socios da AEGA-CAT.

Os obxectivos fundamentais do convenio son a información e detección de oportunidades de negocio entre os seus membros e asociados, o establecemento de alianzas comerciais, tecnolóxicas e profesionais, así como a realización de investimentos individuais ou conxuntos en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

I. No período 2022-2023 leváronse a cabo satisfactoriamente actuacións de promoción conxunta co apoio do convenio subscrito entre o Igape e a AEGA-CAT.

II. O Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 recolle no Eixo 3:

PA 3.3 IMPULSAR O CRECEMENTO E COMPETITIVIDADE DAS PEMES, A TRANSICIÓN INDUSTRIAL E O EMPRENDEMENTO.



3.3.1 Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos.

Dentro das necesidades que atopamos neste punto está a de "incrementar a cooperación empresarial como elemento de crecemento das empresas, que incremente á súa vez a competitividade e a actividade económica".

III. Que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS GALEGOS DE CATALUÑA realiza, entre outras actividades, as seguintes:

- Representación dos seus membros en orde a súa actividade; especialmente á promoción comercial e difusión dos seus produtos e servizos.
- Fomento da solidariedade de todos os membros da Asociación, promocionando e creando servizos propios e de interese común para os asociados.
- Intercambio experiencias e información entre os seus membros.
- Impulso dos contactos cos directivos, empresarios e profesionais galegos emigrados e impulso da creación de empresas conxuntas ou mixtas.
- Axuda ao desenvolvemento económico, cultural e científico de Galicia mediante a execución das accións que se determinen.
- Establecemento de relacións con outras asociacións semellantes, en especial as constituídas por empresarios galegos.
- Axuda ao perfeccionamento das técnicas de xestión empresarial entre os seus asociados. Fomento do desenvolvemento das actividades relacionadas coa formación para o emprego, a investigación e a innovación tecnolóxica.
- Organización de encontros para intercambios de experiencias entre os asociados e fomento da súa interrelación, en orde á mutua colaboración.
- Promoción dos valores éticos no desempeño dos negocios e das actividades, resolvendo as diverxencias entre os asociados, cando sexa solicitado.
- Promoción da libre discusión de todos os asuntos de interese dos asociados no ámbito exclusivo das súas actividades.
- Orientación aos asociados sobre as perspectivas de mercado, implantación de empresas, participacións e investimentos.
- Mantemento dun órgano de orientación xurídica e de consultas.



- Administración dos recursos da Asociación, sexan orzamentarios ou patrimoniais e a súa aplicación os fins e actividades propias.
- Desenvolvemento de proxectos de investigación e estudo de campos sectoriais e territoriais nos ámbitos formativo, social, económico e medioambiental, e todos aqueles relacionados coa actividade dos asociados.
- Potenciación das relacións empresariais e sociais a través da colaboración con empresarios e profesionais e entidades públicas ou privadas de Galicia.
- Todas cantas outras funcións de semellante natureza se consideren convenientes para o cumprimento dos seus fins e para a lexitima defensa dos seus membros.

IV. Para un mellor cumprimento dos fins sinalados, a AEGA-CAT leva a cabo, entre outras, as seguintes accións:

- Publicacións informativas para os asociados.
- Xornadas de negocios, almozos de traballo e almozos con debates.
- Celebración cena de Gala Anual coa entrega dos premios "Títulos de Excelencia Galega".
- Potenciar acordos de colaboración con empresas.
- Organizar un premio anual ao Galego do Ano.
- A representación da Asociación a nivel institucional.
- A Constitución por acordo da Xunta Directiva, dentro do seno da Asociación, das comisións e grupos de traballo que se consideren convenientes na forma e condicións de funcionamento e xestión establecidas nos Estatutos presentes.

V. Que a AEGA-CAT é a única asociación que agrupa colectivamente os intereses multisectoriais dos empresarios galegos en Cataluña.

Por todo iso, Igape e AEGA-CAT están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes mediante a sinatura dun convenio de colaboración.

A subdirectora de Internacionalización

Laura González-Dopeso Portela